

ACTA

Nº 38 Ano 2013.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas D, no Edificio Administrativo de San Caetano sendo as 11,10 horas do día 23 de setembro de 2013, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<u>Nome</u>	<u>Posto</u>	<u>Teléfono</u>
Emilio J. de la Iglesia Lema	S.X. Presidencia	4.42.03
Ignacio Garrote Freire	D.X.Traballo e Economía S.	4.47.71
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.35
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<u>Nome</u>	<u>Organización Sindical</u>	<u>Teléfono</u>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	629-851-751
Pablo Rama Remuiñán	CSI-F	881-542-850

Asisten asimismo Pablo Díaz Vazquez e M^a Carmen Fernández Couso, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, por Mugatra.

1- Lectura e aprobación da última acta:

Acordase aprobar a acta da anterior xuntanza, anexando a mesma as alegacións presentadas por CSIF.

2.- Presentación da nova páxina web do Servizo de Prevención:

Están presentes dúas responsables da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, quenes fan a presentación do novo deseño e contidos da páxina webbriscos. Suliñan coma novidades, a mellora e actualización da páxina e sobor de todo a posibilidade de subir contidos, dun xeito axil e rápido a mesma. Contan, que dita web mellorada, esté activa a partires de finais do mes de outubro. Na mesma estarán colgados os diferentes modelos de solicitude existentes.

3.- Debate sobre o contido do próximo concerto de colaboración cunha entidade externa, para a realización de actividades preventivas de riscos laborais.

A Administración manifesta, que dado que próximamente convocarase o correspondente concurso para a adxudicación a unha entidade, da realización de actividades preventivas de riscos laborais, solicita dos integrantes deste Comité aportacións, en canto se as actividades preventivas que se realizan son as mais axeitadas, ou debense modificar as existentes, ou engadir novas. CSIF expón que as actividades concertadas, sexas cales sexan, débense realizar con calidade. CCOO consideramos que habería que actuar nos centros de traballo con maiores índices de sinistralidade, en concreto programar visitas conxuntas dos técnicos do Servizo de Prevención e de Mugatra, para actuacións de información e colaboración cos responsables e persoal dos mesmos, comezando polo centros de atención a persoas dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, e polos Distritos Medioambientais da Consellería de Medio Rural e do Mar. UGT apoia a proposta de CCOO, engadindo que as avaliacións ou reavaliacións que se leven a cabo na próxima programación, poderíanse facer baixo os criterios de observación participante, para intentar corrixir naqueles centros ou colectivos, cales son os riscos que causan a sinistralidade constatada. Este xeito de avaliar achegará a prevención de riscos laborais, as peculiaridades dos colectivos e as actividades que se desenvolven, e consistiría nunha presenza do persoal técnico durante as diferentes quendas, nos centros ou actividades nas que o persoal sofre maior accidentalidade. A Administración manifesta, que dentro das súas posibilidades, intentará facer as avaliacións dacordo coa metodoloxía exposta, e que estudara a posibilidade de facelo desta forma, dentro do programa de actividades do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, para o próximo ano.

A Administración expón que debido a gran cantidade de solicitudes individuais, para a determinación da aptitude para o posto de traballo, acordou seguir este protocolo: 1º.- A solicitude recibida, coa sinatura de coñecemento do responsable de centro, enviarase cos informes médicos que acompañe, o servizo médico de Mugatra, a quen compételle a vixilancia da saúde do persoal.

2º.- En caso de que dito servizo médico non considere a procedencia inicial da solicitude, respostárese que non procede realizar o recoñecemento médico.


3.- En caso de que dito servizo médico considere a procedencia inicial da solicitude, a persoa interesada faráselle o correspondente recoñecemento médico, tras o que expedirase o certificado coma APTO ou NON APTO, para o posto de traballo que desenvolve.

4. Rogos e Preguntas.-

CCOO solicita que na próxima xuntanza deste Comité, a celebrar no último trimestre do ano, invítese os Presidentes dos diferentes Comites de Seguridade e Saúde Laboral, do ámbito Función Pública/Xustiza. O obxecto sería que os mesmos sintonen integrantes dun equipo que traballa pola saúde laboral do persoal da Xunta de Galicia, e o obxectivo, conquistar que cun maior ánimo sexamos capaces de mellorar os pobres resultados, que no que vai de ano, presenta a participación nesta materia, debido a escasa convocatoria de reunións dos comités. A Administración manifesta que estudará dita proposta.

Levántase a sesión sendo as 12,10 h.

Vº Bº O PRESIDENTE

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized 'E' followed by a horizontal line and a small flourish.

EMILIO DE LA IGLESIA LEMA

Vº Bº O SECRETARIO

A handwritten signature in black ink, featuring a series of connected, flowing loops and a final horizontal stroke.

EDUARDO FREIRE POUSA